

RESUMO PROTOCOLO COVID-19 IES DE VIÓS 2021/22

1 -INTRODUCCIÓN E OBXECTIVOS

Como xa sabemos todos/as, pese á mellora que supón o alto grado de vacinación das persoas que conforman a comunidade educativa, a COVID-19 é un virus cunha grande capacidade de contaxio, que aínda permanece activa na nosa sociedade e a que só podemos combater levando a cabo unhas correctas medidas de prevención. Estas medidas son aínda máis imprescindibles en entornos pechados e con afluencia de grupos numerosos, como é o caso dun centro escolar.

O noso **obxectivo principal** é garantir o dereito a unha educación de calidade para os nosos alumnos e alumnas, facendo fincapé nos seguintes aspectos:

- Crear unha **contorna** saudable e segura mediante medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde adaptadas á situación actual.
- Posibilitar a **detección precoz de casos e a xestión adecuada** dos mesmos a través de protocolos de actuación claros e da coordinación dos axentes implicados.

Para acadar dito obxectivo é fundamental informar, dar a coñecer e explicar minuciosamente a toda a comunidade educativa o protocolo elaborado e adaptado polo **EQUIPO COVID-19 IES DE VIÓS** creado no centro e que está integrado polos tres membros do Equipo Directivo.

2 -PROTOCOLO DE ACTUACIÓN E MEDIDAS IMPLEMENTADAS

1. PRINCIPIO XERAL

Non deben acudir ao centro educativo aquelas persoas que teñan síntomas compatibles coa COVID-19, sexan parte do alumnado, profesorado ou outro persoal, así como aquelas persoas que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19. Tampouco acudirán aquelas que se encontren en período de corentena domiciliaria por ter mantido un contacto estreito con algunha persoa diagnosticada ou con síntomas compatibles coa COVID-19.

Tanto as familias como o persoal xogan un papel esencial para a volta segura do alumnado ao centro, polo que se debe asumir esta responsabilidade polo ben de toda a comunidade educativa.

Terase unha vixilancia exhaustiva da saúde das persoas que acudan ao centro escolar, non sendo posible acudir en caso de:

- **Aparición de síntomas infecciosos respiratorios.**
- **Contacto estreito con persoa diagnosticada como positivo na Covid-19.**

Os síntomas a ter en conta son:

- | | |
|--------------------------------|---------------|
| -Temperatura superior a 37,2°C | -Dor muscular |
| -Tos | -Cefalea |
| -Dor de gorxa | -Vómitos |
| -Sensación de falta de aire | -Diarreas |
| -Pérdida de olfato ou gusto | |

2. MEDIDAS HIXIÉNICO-SANITARIAS XERAIS

- i. Alfombras de desinfección para zapatos no acceso ao edificio.
- ii. Toma de temperatura a todo o persoal e a todo o alumnado na entrada do instituto.
- iii. Limpeza, desinfección e ventilación constante en todo o centro.
- iv. Instalación de xel hidroalcohólico en tódalas aulas e zonas comúns.
- v. Instalación de papeleiras de pedal en tódalas aulas, baños, espazos comúns e de traballo do centro.
- vi. Lavado frecuente de mans.
- vii. Limpeza de baños dúas veces ao día.
- viii. Desinfección frecuente de material e obxectos.
- ix. Uso obrigatorio de máscara no centro educativo. O uso da máscara será obrigatorio con independencia do mantemento da distancia interpersonal.

3. LETREIROS NO CENTRO

- i. Letreiros informativos nas entradas, corredores, escaleiras e zonas de recreo sobre o respecto da distancia de seguridade, sintomatoloxía da COVID-19 e medidas de hixiene social e individual.
- ii. Indicadores da regulación da circulación nos corredores e nas entradas e saídas.
- iii. Tódalas aulas ordinarias e específicas teñen sinalados os postos dispoñibles e a súa disposición.

4. ESPAZO DE ILLAMENTO COVID-19

O espazo específico de uso individual no centro para illar a aquelas persoas nas que se detecten síntomas compatibles coa Covid-19 mentres non se xestiona o seu traslado.

5. MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

- i. Manterase unha distancia interpersonal de polo menos 1,5 metros nas interaccións entre as persoas no centro educativo.
- ii. O alumnado e o profesorado, así coma o resto do persoal, teñen a obriga de usar máscaras durante toda a xornada lectiva en tódolos espazos do centro educativo, mesmo que se cumpra coa distancia de seguridade de 1,5m.
- iii. O alumnado deberá cambiar de máscaras cando estas sexan de tipo cirúrxico na quinta sesión do día. O profesorado será o encargado de recordarllo ao alumnado.
- iv. Realizar **hixiene de mans**:
 - Entrada e saída da aula.
 - Entrada e saída dos aseos.
 - Entrada e saída do pavillón (agás ao finalizar o recreo)
 - Entrada e saída das aulas específicas.
 - Entrada e saída da biblioteca.
 - Despois de tocar secrecións respiratorias (esberrar, tusir, uso de panos) e/ou obxectos con posibilidade de estar contaminados.
 - Despois de xantar.
 - Despois de usar ou tocar material susceptible de ser compartido.
 - Despois de usar as máquinas dispensadoras das bebidas (quentes e frías) ou alimentos.
- v. Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca. Ao tusir ou esberrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira con tapa, ou ben facelo contra a flexura do cóbado e sempre alonxándose do resto das persoas.
- vi. O alumnado non compartirá material de uso propio con ningún dos seus/súas compañeiros/as.
- vii. O alumnado gardará o seu material no seu pupitre de xeito que non poida ser manipulado por outros compañeiros/as. Neste curso escolar os armarios individuais (*taquillas*) non se poderán empregar. Poderase

dispor dunha pequena bolsa adicional que poderán deixar pendurada da súa mesa de forma permanente para o material que non caiba no seu pupitre.

- viii. Non se poderán empregar os colgadoiros da roupa, andéis nin os armarios destinados á biblioteca de aula (dicionarios).
 - ix. Os equipos de traballo (ordenador, monitor, teclado, rato, mesa, teléfonos ou material de oficina) deberán ser usados só pola persoa titular do posto e, de non ser posible, o novo usuario realizará unha correcta hixiene de mans antes do seu uso e o desinfectará ao rematar. **Lembramos a importancia de non verter directamente o desinfectante nos equipos informáticos e facelo sobre o papel hixiénico.**
 - x. As ventás, portas, persianas, contras, interruptores da luz, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán **unicamente usadas polo profesorado** ou o persoal non docente, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.
 - xi. Os usuarios dos espazos de atención ao público non poderán empregar os equipos informáticos, material de oficina ou outros materiais dos empregados públicos. Cando na conserxería ou na administración do centro se entregue documentación que deba ser escrita, se facilitará o material de escritura, porén se realizará previamente a correcta hixiene de mans. Para estes efectos haberá a disposición do público un dispensador de xel hidroalcohólico.
 - xii. O alumnado disporá en cada aula de luvas desbotables para poder saír ao encerado e usar os xices. O profesorado disporá de portaxices de uso persoal.
6. MATERIAL DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL QUE O ALUMNADO DEBERÁ TRAER AO CENTRO
- i. Dúas máscaras. Será obriga do alumnado levar unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala.
 - ii. Xel hidroalcohólico de uso individual.
 - iii. Un paquete de *toallitas* desinfectantes individual.
 - iv. Recoméndase unha botella de auga pequena e a merenda do recreo.

7. MEDIDAS ORGANIZATIVAS

1.1 CHEGADA AO CENTRO DO ALUMNADO/ BAIXADA DO AUTOBÚS ESCOLAR/ INICIO DA XORNADA.

Para realizar correctamente este proceso haberá tres profesores/as de garda de entrada:

- Profesor/a de garda do soportal exterior (baixocuberta)
 - Profesor/a de garda de vestíbulo.
 - Profesor/a de garda de corredor superior.
- i. A entrada ao centro educativo realizarase respectando a orde de chegada de cada liña de autobuses. Aquel alumnado que non empregue o transporte escolar deberá achegarse ao soportal, respectando a distancia de seguridade, do mesmo xeito que o alumnado usuario do autobús.
 - ii. O alumnado de cada autobús agardará baixo o soportal formando ringleiras nas que se manteña unha distancia interpersoal de 1,5m. Existirá un profesor/a de garda neste posto.
 - iii. No vestíbulo do instituto cada un dos alumnos/as deberá realizar a desinfección de mans e calzado pertinente. Para iso, disporá dun dispensador automático de xel hidroalcohólico e unha alfombra de desinfección.
 - iv. A continuación, o profesor/a de garda tomará a temperatura a cada alumno/a antes de permitirlle o acceso ás aulas.
 - v. Só poderá acceder ao interior do edificio o alumnado que teña superado de forma satisfactoria o protocolo hixiénico-sanitario completo. No caso contrario, chamarase ás familias para a súa recollida.

1.2 SUBIDA ÁS AULAS

- i. As aulas estarán abertas 15 minutos antes do inicio da xornada lectiva.
- ii. O alumnado, despois do pertinente control hixiénico-sanitario, deberá subir directamente a súa aula seguindo as pegadas verdes situadas na marxe dereita da escaleira.
- iii. Unha vez dentro da aula deberá permanecer sentado/a no lugar asignado para el/ela na clase.

- iv. No caso de que o alumnado teña clase a primeira hora nunha das aulas específicas, deberá dirixirse a ela directamente, sen pasar pola súa aula.

1.3 CONSIDERACIÓNS XERAIS NA AULA ORDINARIA

- i. Cada alumno/a gardará o seu material no seu propio pupitre para evitar o contacto co resto dos/as compañeiros/as. Neste curso escolar os armarios individuais (*taquillas*) non se poderán empregar. Poderase dispor dunha pequena bolsa adicional que poderán deixar pendurada da súa mesa de forma permanente para o material que non caiba no seu pupitre.
- ii. Cada alumno/a deberá gardar o seu material nun estoxo ou nunha mochila e telo rotulado, na súa totalidade, co seu nome. Deberán, ademáis, forrar os libros de texto.
- iii. Se se dese a circunstancia de ter que compartir material por indicación explícita do profesorado, o alumnado deberá realizar a hixiene de mans antes e despois de usar o material. Tamén se realizará a desinfección do material compartido.
- iv. Cada alumno/a terá a súa roupa na cadeira do seu pupitre ou gardada na súa mochila.
- v. Non se poderán empregar os colgadoiros da roupa, andéis nin os armarios destinados á biblioteca de aula (dicionarios).
- vi. O alumnado non se poderá desplazar pola aula. Unicamente se lle permitirá, entre clase e clase, erguerse para realizar pequenos estiramientos ou exercicios posturais que non impliquen moverse do seu posto escolar. Tamén poderá, cando o indique o profesorado, saír ao encerado. En tódalas aulas está garantida a distancia de seguridade de máis de 1,2 m entre o encerado e a primeira ringleira de pupitres.
- vii. As ventás, portas, persianas, contras, interruptores da luz, proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado ou o persoal non docente, respectando as medidas de seguridade e hixiene que procedan.
- viii. O alumnado poderá aproveitar os cambios de clase para beber da súa botella de auga sen moverse do seu sitio.
- ix. O alumnado poderá, se o precisa, ir ao aseo, previa petición de permiso ao profesorado, durante as sesión lectivas.

1.4 CAMBIOS DE CLASE

i. PERMANENCIA NA AULA-GRUPO

O alumnado, como norma xeral, debe permanecer no seu sitio durante os cambios de clase e nunca abandonar a súa aula.

ii. TRASLADO A OUTRA AULA

→ Sempre que o grupo teña que desplazarse a outra aula, o/a profesor/a da hora anterior terá que finalizar a súa clase 5 minutos antes de que toque o timbre, de xeito que o alumnado poida recoller o material empregado, desinfectar de ser o caso, e preparar o material que precisa para a vindeira sesión.

→ Se o grupo está na súa aula de referencia, permanecerá sentado agardando a chegada do profesor/a da aula específica, que será o encargado/a de acompañalo á dita aula.

→ O grupo que acaba de ter clase nunha aula específica se trasladará á nova aula acompañado do profesor/a desa mesma aula específica. Será recibido polo profesorado co que vai ter clase e que se responsabilizará de organizar a entrada ordenada na aula.

→ Neste proceso contarase coa axuda do profesorado de garda.

→ O grupo saínte das aulas específicas será sempre o encargado de hixienizar pupitres ou mesas e cadeiras.

→ O profesorado das aulas específicas será o encargado de ventilar as mesmas sempre que se produza un cambio de grupo.

1.5 USO DOS ASEOS

i. O uso dos aseos estará limitado a un aforo de catro alumnos/as como máximo no andar superior e a dous no inferior.

ii. O profesorado permitirá ir ao aseo durante as clases sempre que o requira o alumnado de forma individual. Esta medida é imprescindible para que todo o alumnado poida ir ao baño, xa que na hora do recreo sería insuficiente o tempo debido ao aforo limitado.

iii. Durante este curso escolar poderán empregarse durante o recreo os aseos do pavillón cun aforo de dúas persoas como máximo en cada

un deles. Ademáis, o alumnado poderá empregar os aseos da planta inferior. Para iso, durante este periodo, permanecerá aberta a porta de acceso ao edificio desde o soportal. O profesor/a de garda vixiará o aforo dos aseos e garantizará que se cumpre o aforo máximo.

1.6 RECREOS

NORMAS XERAIS A RESPECTAR SEMPRE

- MANTER SEMPRE A DISTANCIA DE 1,5 METROS
- MÁSCARA OBRIGATORIA EN TODO MOMENTO, AGÁS PARA A INXESTA PUNTUAL DE ALIMENTOS
- NON SE PODERÁ ESTAR NO VESTÍBULO NIN NOS CORREDORES DO EDIFICIO PRINCIPAL
- OS ENVOLTORIOS DAS BEBIDAS E COMIDAS TIRARANSE NOS CONTENEDORES CON TAPA REPARTIDOS POLO CENTRO

i. **INICIO DO RECREO: CADA GRUPO SAIRÁ DETRÁS DO SEU PROFESOR/A DA SIGUIENTE MANEIRA:**

→ SE ESTAMOS NAS AULAS DO PRIMEIRO ANDAR:

Como norma xeral, o alumnado estará preparado para saír cando toque o timbre, sendo guiado e acompañado polo seu profesor/a ata a saída do edificio.

A orde de baixada será, como norma xeral, de menor a maior nivel educativo:

- O ALUMNADO DE 1º ESO SERÁ O PRIMEIRO EN SAÍR
- O ALUMNADO DE 2º ESO SERÁ O SEGUNDO EN SAÍR
- O ALUMNADO DE 3º ESO SERÁ O TERCEIRO EN SAÍR
- O ALUMNADO DE 4º ESO SERÁ O DERRADEIRO EN SAÍR

Durante o proceso de baixada ao recreo, o alumnado non poderá ir ao baño. Deberá agardar a que todos os grupos estean no patio.

→ **SE ESTAMOS NAS AULAS DA PLANTA BAIXA:**

- O alumnado que estea nas aulas específicas terá que limpar a súa mesa e a súa cadeira cinco minutos antes de que toque o timbre e estar preparado para saír detrás do seu profesor/a.
- Como norma xeral, cada alumno/a deberá facerse responsable do seu material escolar durante o recreo. O alumnado poderá subir o seu material a súa aula no caso de que o profesor/a da materia específica, ou ben outro membro do persoal do centro, llo permita e o acompañe.

→ **ALUMNADO QUE TEÑA A 4ª HORA CLASE NUNHA AULA ESPECÍFICA:**

Este alumnado, se o precisa, poderá subir á súa aula de referencia para recoller o material necesario sen ter que levalo antes ao recreo. Lembramos que debe manter as medidas sanitarias de aplicación xeral.

ii. **DURANTE O RECREO**

→ **SOPORTAL EXTERIOR**

Aforo máximo: 20 persoas.

→ **PAVILLÓN**

O alumnado poderá utilizar de xeito normal dita instalación respetando as normas sanitarias de aplicación xeral. Neste curso o pavillón non estará dividido en zonas asignadas a cada nivel.

→ **AULAS DE REFERENCIA OU ESPECÍFICAS**

Excepcionalmente o alumnado dun grupo poderá permanecer na aula durante o periodo do recreo para estudar, sempre que un membro do profesorado que non estea de garda os acompañe en todo momento.

iii. **REGRESO ÁS AULAS**

→ Uns minutos antes de que toque o timbre o alumnado que non estea no pavillón deberá estar pendente da saída do seu grupo dende o pavillón para poder incorporarse a este a medida que se vai achegando á porta de entrada para iniciar a subida ás aulas.

→ Cando toque o timbre todo o mundo permanecerá no seu sitio, agás o alumnado de 1º ESO que iniciará a subida cara as súas aulas. A continuación, seguirán os restantes grupos mantendo a orde establecida na baixada, é dicir, 2º, 3º e 4º ESO.

→ Nengún grupo poderá moverse do sitio ata que o anterior nivel educativo remate a subida ás aulas.

→ Todo o alumnado deberá realizar novamente o protocolo de limpeza de mans e calzado exclusivamente no vestíbulo antes de acceder ás aulas. Será un dos profesores/as de garda o encargado de dispensar o xel.

iv. **MÁQUINAS EXPENDEDORAS**

Este curso poderán empregarse as máquinas expendedoras situadas na entrada do edificio.

v. **MATERIAL DE XOGO**

Poderase empregar material de xogo durante o recreo exclusivamente no pavillón, respectando as normas hixiénicas xerais e baixo a supervisión do profesorado.

vi. **CONSELLOS**

→ Traer botella de auga/bebida da casa.

→ Traer a merenda para o recreo da casa.

→ Traer unha pequena mochila ou bolsa para meter a merenda e o material das clases que teñamos a terceira ou cuarta hora nas aulas específicas, sempre que o desexemos.

→ Con choiva e mal tempo, traer roupa de abrigo e para a choiva.

1.7. SAÍDA DO CENTRO

O alumnado deberá seguir as indicacións do profesorado que teña na derradeira sesión lectiva do día e deberá estar preparado para saír cando toque o timbre, deixando o material recollido e as cadeiras situadas enriba das mesas.

➔ Seguirase a mesma orde de saída que nos recreos:

1º ESO

2º ESO

3º ESO

4º ESO

- ➔ O profesor/a da derradeira clase será o encargado/a de acompañar directamente ao seu grupo ao autobús escolar respectando as medidas de seguridade e asegurándose de que todo o alumnado suba ao transporte escolar e/ou transporte particular.

1.8. USO DA BIBLIOTECA

- i. A biblioteca poderá ser usada ao 50% do seu aforo.
- ii. A biblioteca contará cunha sinalización identificativa daqueles postos de traballo que poden ser utilizados de xeito que se manteña a distancia de seguridade.
- iii. O alumnado debe hixienizar as mans antes e despois da estancia na sala.
- iv. A entrada na biblioteca realizarase pola porta principal e a saída pola secundaria.
- v. O empréstimo de libros e material audiovisual realizarase de xeito habitual aínda que o exemplar devolto deberá permanecer en caixas identificativas e illadas como mínimo catro horas antes de volver aos andéis.
- vi. A biblioteca poderá utilizarse para os usos habituais (estudo, consulta, empréstimo).
- vii. As sesións do club de lectura poderán realizarse na biblioteca, se fose preciso, momento no que este espazo quedará reservado en exclusiva para os membros do club.
- viii. Ao rematar, os/as usuarios/as da biblioteca hixienizarán os postos que ocuparon así como o equipo informático se foi empregado.